

MARIÑAS CORUÑESAS e TERRAS DO MANDEO

Reserva
de Biosfera



Anexo II: Proxectos apoiados
pola Medida LEADER na
Convocatoria 2020-2021



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



agader
AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

PROXECTOS PRODUTIVOS APOIADOS (2020-2021)

CENTRO DE PROCESADO DE LÚPULO GALEGO

Expediente: L19-1920-23-152

Promotor: Lúpulo Tecnología de Galicia S.C.G

Concello: Betanzos

Investimento: 22.015,00€

Contía subvención: 11.007,50 €

Emprego: consolidación de 4,8 empregos e creación de 1 emprego de colectivo desfavorecido.

Descrición do proxecto: A empresa quere seguir apostando pola produción de lúpulo, polo que adquiriu tres parcelas en Abegondo para construír o almacén onde se instale unha nova máquina peladora de lúpulo dotando á zona dun centro de procesado in situ, xa que neste Concello xa contan con 5,8 Ha produtivas. Deste xeito non terían que transportar a colleita ao centro de procesado situado en Piadela, onde se atopa a única máquina de procesado de lúpulo.



DESARROLLO DE UN SISTEMA SOSTENIBLE DE PRODUCCIÓN ECOLÓGICA DE TOMATES LOCALES Y VERDURAS ASIÁTICAS

Expediente: L20-1920-23-171

Promotor: Carmen María Gayoso Babío

Concello: Sada

Investimento: 28.117,82€

Contía subvención: 14.058,91€

Emprego: Creación de 1 emprego (1 emprego de colectivo desfavorecido é unha muller).

Descrición do proxecto: A promotora deste proxecto é unha muller bióloga que quere crear unha pequena explotación agraria como complemento de rendas, producindo en ecolóxico nunha finca de 4.000 m2 en Carnoedo (Sada). Quere apostar por un sistema integral de cultivo respectuoso co medio ambiente tendo en conta a economía circular. Vai cultivar variedades de tomates locais e verduras asiáticas e utilizará enerxía fotovoltaica para o subministro eléctrico da explotación.



INVESTIMENTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E OPTIMIZACIÓN DO ENVASADO DE TÉ EN GALICIA

Expediente: L19-1920-23-147

Promotor: Orballo Innovaciones Forestales, S.L.

Concello: Paderne

Investimento: 49.280,99€

Contía subvención: 24.147,69€

Emprego: consolidación de 6,25 empregos e creación de(1 emprego de colectivo desfavorecido).



Descrición do proxecto: A O proxecto consiste na compra dunha máquina para o envasado exclusivo de té. Esta máquina confecciona bolsas en forma de pirámide, efectúa o envasado do produto preservando as súas características organolépticas e posteriormente as transporta ata a súa posta final nas caixas de embalaxe. Deste xeito, a empresa vai internalizar traballos que agora mesmo están a facer empresas externas reducindo os custos operativos. Ademais a súa adquisición reducirá os custos de transporte cunha repercusión positiva tanto economicamente como medioambiental.

CREACIÓN DUNHA UNIDADE TÉCNICA DE INSPECCIÓN E REHABILITACIÓN DE REDES E ACOMETIDAS

Expediente: L20-1920-23-165

Promotor: BROPOMOR S.L.

Concello: Coirós

Investimento: 122.499,99€

Contía subvención: 56.595,00€

Emprego: 1 emprego de colectivo desfavorecido.



Descrición do proxecto: Este proxecto consiste na creación dun servizo de inspección e rehabilitación de tubaxes e canalizacións sen facer gabias, utilizando tecnoloxías innovadoras e ofrecendo solucións tanto manuais, robóticas e automáticas. Para levar a cabo este servizo, a empresa precisa dunha unidade técnica que disporá do equipamento necesario para satisfacer as necesidades tanto de clientes particulares, como de comunidades de propietarios, de organismos públicos e de empresas industriais. Ademais o servizo proposto contempla a posibilidade de traballar en ambientes a proba de explosións xa que esta unidade técnica mellora notablemente a seguridade dos operarios respecto das formas tradicionais de traballar. Deste xeito achega un novo xeito de facer as cousas diferenciándose do establecido.

PROXECTOS NON PRODUTIVOS(ENTIDADES PRIVADAS)

CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO


Expediente: L19-1920-23-148

Promotor: Adaceco

Concello: Culleredo

Investimento: 29.117,99 €

Contía subvención: 26.206,19 €



Descrición do proxecto: Con este proxecto se queren incrementar os servizos actuais de centro de día, polo que necesitan contar cun novo local e maior equipamento. O novo local atópase no Concello de Culleredo e ofrecerá 15 prazas. Con este proxecto queren incorporar máis equipamento e mellorar o actual.

PROXECTOS NON PRODUTIVOS(ENTIDADES PÚBLICAS)

MELLORA DO LAVODOIRO PÚBLICO, FONTE E ENTORNO DE ESPERELA

Expediente: L19-1920-23-132

Promotor: Concello de Paderne

Concello: Paderne

Investimento: 28.516,75 €

Contía subvención: 25.665,08 €



Descrición do proxecto: O proxecto consiste na rehabilitación dun lavadoiro e dunha fonte de uso público da aldea de Esperela. Esta fonte de dous canos que verte auga sobre unha pía ao carón dun bebedeiro para o gando está construída en cantería granítica e o lavadoiro conta tamén con catro pezas de cantería. A pedra é un material natural, duradeiro e tradicional utilizado no territorio desde antigo.

Con este proxecto, o Concello de Paderne quere potenciar o patrimonio etnolóxico e cultural na aldea de Esperela como “escaparate” rural do municipio. De feito, a Feira do Branco Lexítimo ten lugar nesta aldea dende o ano 2018.

CONSTRUCCIÓN DE PASO DE LONTRAS NO ENCORO DE ABEGONDO-CECEBRE

Expediente: L20-1920-23-160

Promotor: Concello de Cambre

Concello: Cambre

Investimento: 15.257,20 €

Contía subvención:13.731,48 €



Descrición do proxecto: Este proxecto consistiu na construción dun paso inferior para lontras baixo a estrada AC-221 de titularidade autonómica. A execución do proxecto implicou a realización dunha obra de tunelado.

Este paso beneficiará a toda a fauna do espazo protexido do Encoro de Cecebre, en especial pequenos vertebrados, lontras, réptiles e anfibios.

Este proxecto debería impedir que morran as lontras atropeladas, pero tamén que se reduzan os posibles accidentes de tráfico que puideran ocasionar.

CENTRO RECEPCIÓN VISITANTES DA “RESERVA DE BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”

Expediente: L20-1920-23-164

Promotor: Concello de Abegondo

Concello: Abegondo

Investimento: 41.019,00 €

Contía subvención:28.713,30 €



Descrición do proxecto: Este proxecto consiste na creación do centro de recepción de visitantes da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” no edificio da antiga reitoral de San Tirso (Mabegondo, Abegondo).

Este edificio foi cedido pola Igrexa Católica á Entidade Local do Concello de Abegondo e con este proxecto quérese crear na planta baixa o Centro de Recepción de Visitantes da Reserva da Biosfera, para divulgar os fins e valores da Reserva:

- Creando unha aula interior multiusos para proxectar vídeos, realizar actividades e xuntanzas formativas contando cun equipo de TV, proxector, equipo de vídeo conferencia, mobiliario, material expositivo interior permanente e material expositivo temporal.
- Un espazo exterior permite identificar o Centro e difundir os contidos principais da aula, dispoñendo de máis espazo para levar a cabo este proxecto. Ademais este espazo permite ofrecer información nos momentos en que estea pechado o centro.

